

# Proxectos de agrupación de municipios arredor de Betanzos no s. XX

MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ\*

## Sumario

Neste traballo danse a coñecer diversos proxectos habidos durante o s. XX de agrupación de municipios limítrofes na comarca das Mariñas betanceiras, e que se produciron co concello de Betanzos como entidade de referencia.

## Abstract

In this work we make known various projects that took place during the 20th century in the Mariñas group of municipalities, with Betanzos Town Council as the administrative centre.

## INTRODUCCIÓN

De un tempo a esta parte, e cada vez con máis insistencia, véñense escoitando en diversos círculos de opinión, voces que poñen en tela de xuízo a articulación do territorio de España. A grave crise en que se viu envolto o país a partires do ano 2008, puxo enriba da mesa un dos moitos desequilibrios que existen, cal é o grande número de concellos en que se articula a administración do Estado.

Tan só Galicia ten 315 concellos, 3.778 parroquias e preto de 30.000 núcleos de poboación. Segundo datos oficiais publicados no ano 2011, máis dun terzo dos concellos galegos son inviables a nivel financeiro polos seus propios medios, debido ao elevado grao de dependencia dos cartos que lles inxectan outras administracións. Moitos concellos non chegan a ingresar o necesario para os gastos de funcionamento, e só grazas ás transferencias correntes do Estado e da Comunidade Autónoma, son capaces de soste-la súa viabilidade. Segundo informes da Unión Europea, a cota mínima de poboación para que un concello poida ter viabilidade financeira, política e técnica é de 5.000 habitantes. Moitos dos nosos concellos non acadan esa cifra.

Mentres que para uns a solución pasa por agrupar ou fusionar concellos, incluso de xeito forzoso, como xa se ten feito noutros países europeos, para outros o que hai que facer é mancomunar servizos. Como queira que sexa, a maioría dos responsables políticos e económicos, están de acordo na necesidade de cambiar a estrutura territorial do Estado, co fin de minimizar custos de mantemento e mellorar a xestión e a eficacia, aínda que non estean de acordo nas fórmulas a adoptar. A discusión pode que sexa nova, pero o problema xa ven de vello, e os intentos por solucionalo tamén.

Deixando á parte ás anexións que se levaron a cabo nas primeiras décadas do s. XX, principalmente nas grandes cidades como por exemplo en A Coruña que anexionou no ano 1912 ao concello de Santa María de Oza, Vigo que anexionou Lavadores, Ferrol que

---

\* **Manuel Fiaño Sánchez**, natural do concello de Coirós (A Coruña) ten publicado diversos artigos sobre a historia do seu concello natal, algúns deles no *Anuario Brigantino*. É colaborador habitual da revista *As 4 aldeas*, publicada pola S.C.R.D. Fillos de Ois. É autor do libro *Coirós por dentro*, editado pola Deputación da Coruña. E coautor do traballo «Sociedade Hijos del Ayuntamiento de Coirós 1906-2006» editada con motivo do centenario da creación desta institución de emigrantes en Bos Aires.

anexionaría a Serantes no ano 1940, ou Santiago que incorporou Conxo, e que se fixeron como solución á conxestión dos seus núcleos debido á expansión que estaban a sufrir, rexistráronse tamén outras «tentativas» de anexións que tiveron como protagonistas a concellos máis pequenos do noso entorno.

Na comarca das Mariñas betanceiras documéntanse na primeira metade do s. XX unha serie de proxectos de «incorporación» ou «anexión» de concellos limítrofes ao de Betanzos. Así sabemos dos expedientes de incorporación de Coirós e Paderne, así como do de parte do concello de Oza dos Ríos, concretamente a parroquia de Santa Cruz de Mondoy. En todos eles, a «substancia aglutinadora», sirva a expresión, represéntaa Betanzos, como cabeceira comarcal natural e como vila que presta multitude de servizos as poboacións lindeiras.

Este pequeno traballo trata de rescatar aqueles proxectos á luz dunha actualidade social e económica que, hoxe en día, pon en valor as vellas fórmulas de agrupación ou colaboración de municipios para mellorar a súa xestión e garantir a sustentación dos servizos básicos.


#### CONTEXTO HISTÓRICO

Pódese afirmar que os municipios constituíron e constitúen a parte da administración do Estado máis extensa no noso país na época contemporánea. Se no ano 1860 o número de municipios era de 9.366, no ano 1910 a cifra era moi similar, e a metade deles, tiña menos de 5.000 habitantes.

Entre 1877 e 1925 producíronse nada menos que vinte e dous proxectos reformistas do réxime local, entre eles os de Moret (1884), Dato (1889), Silvela (1891), Moret (1902), Maura (1903), Maura-La Cierva (1907) e Canalejas (1912). A maioría deles auspiciaban as agrupacións de municipios, entre outras cousas, para evitar o caciquismo.

Esas ansias de rexeneración viñan motivadas pola existencia de pequenos municipios e a escaseza de dotación dos mesmos. De entre eses proxectos que trataron de arranxar o problema, cabe sinalar o do político liberal, Segismundo Moret, de reforma da Lei Municipal, presentado no ano 1902. O citado proxecto, que non chegaría a prosperar, propoñía a existencia de unións municipais ou mancomunidades, sinalando que os concellos con menos de 8.000 habitantes formasen unións municipais ou mancomunidades, co fin de atender aos servizos carcerarios e de hixiene, a construción e conservación de camiños veciñais, canles de rega, defensa contra as inundacións e calquera outra obra que tendera a mellorar os seus aproveitamentos e facilitase as comunicacións.

Posteriormente, o proxecto de «*Ley de Bases para la reforma de la administración local*», presentado por Antonio Maura en maio de 1903, prevía a posibilidade de fusión de municipios, establecendo que os municipios limítrofes poderían fundirse, concertando libremente as condicións da unión en canto ao réxime de bens patrimoniais ou veciñais, con tal de que non resultase diminuída a solvencia de ningún deles para cos respectivos acredores. Establecíase como garantía para a validez dos acordos favorables á fusión das corporacións municipais, que estes foran adoptados polos votos favorables das tres cuartas partes dos seus membros, e para iso deberíase convocar sesión extraordinaria expresa sobre ese asunto. O proxecto de Maura subía a 2.000, fronte as 1.000 almas establecidas pola Constitución de Cádiz, o número mínimo de habitantes para constituír un municipio, obrigando os que xa existían, de máis de 200 e menos de 2.000 habitantes, a agruparse cos máis inmediatos e afíns.



*Croquis da agrupación proxectada, realizado a man alzada.  
Arquivo Xeral da Administración. Sinatura 53-03904-3.*

Máis tarde, en 1912, o ministro da Gobernación, D. Antonio Barroso y Castillo, presentaría no Congreso dos Deputados un Proxecto de Lei de Bases sobre Réxime Local. Este proxecto mantiña a imposibilidade de crear municipios con menos de 2.000 habitantes,

á vez que se posibilitaba a constitución por acordo de municipios, de mancomunidades ou asociacións co obxecto de atender o cumprimento de servizos comúns.

Coa Ditadura de Primo de Rivera en 1923, produciríase unha reordenación do sistema local, establecendo unha rexeneración absoluta, a través do Estatuto Municipal de Calvo Sotelo. Este Estatuto que foi aprobado o día 8 de marzo de 1924, e publicado ao día seguinte na Gaceta de Madrid, plasmaba na súa exposición de motivos a premisa de que o Goberno non tentaba suprimir municipios, nin esixía un mínimo de poboación para constituír outros novos, pero dado que moitos carecían de recursos, ata o punto de levarlos case todos o soldo do Secretario, era lóxica a agrupación forzosa de municipios. No artigo 12, establecía que:

*[...]Para servicios y funciones que no sean de la exclusiva competencia municipal, y en que las Autoridades locales actúen por delegación del Gobierno o de la Administración del Estado, los municipios limítrofes que cuenten menos de 2.000 habitantes, podrán ser agrupados según las conveniencias administrativas o gubernativas [...].*

Así mesmo, contemplaba no Título II a posibilidade de creación dun novo municipio pola segregación de partes doutros, e a fusión de municipios limítrofes.

### **1. Anexión de Coirós e Paderne a Betanzos**

No marco do Estatuto Municipal de Calvo Sotelo, comezan a darse na comarca das Mariñas betanceiras, unha serie de movementos no ámbito municipal que teñen como obxectivo a reestruturación en torno ao concello de Betanzos, indiscutible referente comarcal. Nuns casos a fórmula adoptada será a segregación dunha parte do territorio de certos municipios para a súa incorporación ao de Betanzos, como é o caso da parroquia de Santa Cruz de Mondoy do concello de Oza dos Ríos, que máis adiante veremos, e noutros casos, a incorporación, fusión ou anexión de todo o termo municipal ao concello brigantino, como é o caso de Coirós e Paderne.

En outubro de 1925, un bo número de veciños e veciñas das parroquias de San Vicente de Armea, San Salvador de Colantres e San Xulián de Coirós, todas pertencentes ao concello de Coirós, asinan un escrito dirixido ao alcalde de Betanzos, no que solicitan a incorporación do seu concello ao brigantino. As razóns que manifestan na súa petición son as seguintes:

*1º. En que la unión envuelve fuerza y prosperidad, lo mismo en lo económico y administrativo, que en los demás aspectos de la vida.*

*2º. En que unidos a Betanzos han de bajar el impuesto de consumos y demás cargas públicas que vienen pesando excesivamente sobre nosotros.*

*3º. En que el presupuesto que venimos cubriendo para atenciones municipales, ahorrando el alquiler de locales para oficinas, pago de empleados y funcionarios, ha de bajar notablemente, respecto de nuestra tributación como miembros del municipio de Betanzos, estando calculado que la baja sería de seis o siete mil pesetas si se verificase la completa unión de nuestro distrito*

*4º. En que podríamos constituirnos en entidad mayor, administrando nosotros mismos el fondo que se destinase a necesidades públicas del distrito de Coirós y no obstante la baja de cargas de que va hecho mérito se destinaría una cantidad muy superior a la que viene*



Sinaturas dos veciños de Coirós solicitando a anexión a Betanzos en 1925.  
Arquivo Municipal de Betanzos, caixa 33/93.

aplicándose a fuentes públicas, caminos y otros menesteres importantísimos que tan desatendidos se hallan.

5°. Que perteneciendo a Betanzos, cuya importancia y dignificación es mucho mayor que la de Coirós, pesaríamos más y nos sería más fácil obtener determinadas ventajas de que tan necesitadas están las parroquias del Ayuntamiento de Coirós.

6°. En que desaparecería todo caciquismo y disfrutaríamos de inapreciables ventajas de mayor paz y tranquilidad.

7°. En que los juicios nos resultarían mucho más baratos, pues toda vez que en Betanzos hay numerosos abogados y curiales, pues como es natural trabajan allí mucho más económicamente

8°. En que la mayor parte del vecindario de este distrito está más cerca que de su capitalidad de la ciudad de Betanzos, situando alguna de estas parroquias casi a las puertas de dicha población.

9°. En que por ser Betanzos cabecera de partido, por su importancia, por sus hermosas ferias y por su gran actividad comercial, los vecinos del distrito de Coirós, atendemos allí nuestras necesidades en casi todos los órdenes, visitando la ciudad diaria o casi diariamente y sosteniendo efectivo trato con aquel vecindario, de suerte que una recíproca estimación presta viabilidad y garantías de grata convivencia a la unión que deseamos.

O diario *Patria*, órgano da Unión Patriótica dos Partidos de Corcubión, Ordes e Betanzos, de cuxa dirección se encargaba D. Juan Pérez Serrabona, baixo o título «*Betanzos aumenta*», recollía nese mesmo ano que:

*Es unánime en el municipio de Coirós el deseo de incorporarse al de Betanzos, habida cuenta la gran economía y las positivas ventajas de diversa índole que la anexión supone para aquel vecindario. Esta ciudad, por su parte, muéstrase satisfecha por el rasgo de afecto que supone tal propósito de nuestros simpáticos vecinos de Coirós. Propónense ambos distritos activar los trámites necesarios y celebrar, en su día, la fusión con una gran fiesta.*

O concello de Betanzos pon en coñecemento do de Coirós esta iniciativa dos veciños a fin de que se pronuncie ao respecto. Deste xeito, a Corporación municipal de Coirós, presidida polo alcalde, D. Antonio Vázquez Martínez, reunida en sesión extraordinaria o día 6 de outubro de 1925, acorda por unanimidade:

*[...]la fusión de este Ayuntamiento con el limitrofe de Betanzos cuyo municipio común llevaría el nombre de Betanzos, fijándose su capitalidad en la misma ciudad, liquidando sus deudas o créditos que tenga contraído cada municipio con independencia absoluta de los que correspondan al otro y en perjuicio o beneficio de los habitantes de cada uno de dichos términos municipales; los bienes de este municipio serían administrados por la nueva entidad municipal que se forme, y que respecto a las obligaciones, derechos e intereses de cada municipio regiría una con la reciprocidad dentro de las normas legales dictadas sobre cada caso particular.*

Pola súa parte, a Comisión de Facenda da Corporación brigantina, nun informe emitido o 26 de xaneiro de 1926, amósase favorable á incorporación de Coirós, nos termos expresados anteriormente, estimando que se axusta ás normas administrativas.

Na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación de Betanzos, o día 2 de marzo de 1926, débátese o expediente relativo á fusión, votando a favor da mesma os concelleiros Pérez Dopico, Ramos Lacaba, García Pernas, Codesido Sánchez, Carro Naveira, Rivas Río, Abarrategui Paradela, López da Torre, e Porto Faraldo; votan en contra os concelleiros Garrido Vázquez e Sánchez Suárez, aínda que estes dous últimos rematan votando a favor, unha vez que se lles da garantías de publicidade e de que o Pleno poderá resolver as reclamacións que se presenten.

O día 8 de marzo de 1926, no Boletín Oficial da Provincia nº 55, publicábase un anuncio do concello de Betanzos no que o alcalde Sr. Romay Montoto, facía saber que o Pleno da Corporación

*[...] acordó la fusión del Municipio de Coirós con el de Betanzos, accedendo a lo solicitado por el Ayuntamiento de aquel Municipio[...].*

Nada se sabe do citado expediente ata o 25 de decembro de 1934, en que o alcalde de Coirós remite ao concello de Betanzos para o seu exame, o orzamento correspondente a ese ano, a fin de que faga un estudio do mesmo e manifieste os beneficios que acadarían os veciños de Coirós coa anexión. Os citados orzamentos de Gastos, acadan a cifra de 14.019,64 pesetas, sendo as partidas máis voluminosas a de «*Personal administrativo de Secretaría*» con 4.000 ptas., «*Contingente Provincial*» con 2.806,94 ptas., «*Personal Médico*» con

2.200 ptas., «Alquileres para casas escuelas y viviendas» con 950 ptas., e «Portero» con 730 ptas.

Na sesión celebrada polo concello de Betanzos en data 31 de decembro de 1934, trátase o tema e acórdase:

*[...] Y la Excm. Corporación enterada, acordó por unanimidad, y luego de una amplia discusión, abundando todos los Sres. Concejales en la improcedencia de la anexión del Ayuntamiento de Coirós al de esta ciudad, que no ha lugar a la pretensión del Sr. Alcalde de dicho municipio por improcedente[...].*

En 1936, os concellos de Coirós e Paderne solicitan a anexión voluntaria ao concello de Betanzos.


A Corporación Municipal de Coirós en sesión plenaria celebrada o día 21 de maio de 1936, acorda:

*[...] Siendo este Municipio de escaso vecindario y dada su proximidad al inmediato de Betanzos se acuerda, por unanimidad, y de acuerdo con lo preceptuado en el artículo 6º de la vigente Ley Municipal, agregarse al mismo, pues de esta manera pueden hacerse economías sin perjuicio al mencionado de Betanzos [...].*

Na sesión que celebra a Corporación de Betanzos en data 4 de xuño de 1936, acordase pasar o asunto da petición do concello de Coirós á Comisión de Facenda, para que ditamine, dentro do máis breve prazo, a procedencia ou improcedencia da anexión que solicita a Corporación de Coirós.

No concello de Paderne, os concelleiros Eduardo Monteiro, Manuel García, Antonio Medín, Albino Pico, José Díaz, José Platas e Marcelino Purriños, membros da Corporación Municipal, presentan unha Moción para a incorporación dese concello ao de Betanzos. A proposta baséase nos desexos da inmensa maioría dos veciños do concello, dada a proximidade e a facilidade das vías de comunicación co de Betanzos, a onde acoden con frecuencia para satisfacer a maior parte das necesidades da vida cotiá e para a colocación dos seus produtos Ademais, argumentan que:

*[...] las muchas cargas impuestas sobre el mismo por las Leyes, como son las de Coordinación sanitaria, de funcionarios y otras análogas, que su economía no les permite sostener por más tiempo, las que han dado lugar a que el presupuesto ordinario aprobado para el presente año por el Ilmo. Sr. Delegado de Hacienda de la provincia, ascienda a 42.008,85 pesetas, sin consignación alguna voluntaria para obras municipales tan precisas para*



Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Marzo de 1926. Arquivo Municipal de Betanzos, caixa 33/93.

*mitigar el paro obrero, resultando un déficit inicial de 37.205,13 pesetas, que para su nivelación tiene que ser enjugado con el único recurso viable, el repartimiento general de utilidades, por carecer de ferias, mercados, etc., donde arbitrar otros recursos legales, por ser este término puramente agrícola, de escaso número de habitantes, no contando con más población de derecho de 5.159 habitantesm según el censo aprobado de 1930, resultando un gravámen de más de ocho pesetas por cada uno en la actualidad, siendo esta causa más que suficiente para que les mueva a solicitar la fusión del Municipio, por entender que de esta manera en lo sucesivo, aminorarán los gravámenes, con disminución de parte del personal, como Secretario, Depositario, Matrona y otros servicios que ya tiene creados el propio Ayuntamiento de Betanzos, que sin más gastos pueden utilizarse con la misma facilidad para atender a los habitantes de éste término[...].*

A moción que se debaterá na sesión celebrada o día 25 de abril de 1936, é aprobada por unanimidade, e a Corporación de Paderne acorda:

*[...] La agregación total de este municipio al de Betanzos, con todos los derechos y obligaciones que determinen las Leyes y Reglamentos vigentes.*

Asinan o acordo D. Antonio Medín, D. Manuel García, D. Eduardo Monteiro, D. José Díaz, D. José Platas, D. Narciso Gómez, D. Albino Pico, D. Marcelino Purriños, D. Andrés Golpe e D. José Abrodo Diz, todos integrantes da Corporación.

O estoupido da Guerra Civil, supuxo un paréntese obrigado na instrución dos expedientes de incorporación que había abertos ata esa data. Unha vez rematada a contenda, na sesión celebrada polo concello de Betanzos o 17 de marzo de 1942, dáse conta dunha comunicación remitida polo alcalde de Paderne, na que expresa que o acordo adoptado no ano 1936 en relación á «agregación total de aquel municipio al de Betanzos», é firme e executivo, xa que contra o mesmo non se ten producido ningún tipo de reclamación, polo tanto a Corporación de Betanzos acorda:

*[...] tener por adoptado el acuerdo de agregación del Ayuntamiento de Paderne al de Betanzos, con las formalidades determinadas en el artículo 10 de la Ley de 31 de Octubre de 1935, a cuyo acuerdo presta conformidad, y por tanto, y entendiendo ser beneficiosa la citada agregación para ambos municipios interesados, no menos acordó, unánimemente, que dicho Ayuntamiento de Paderne se agregue en su totalidad al de esta ciudad, bajo la capitalidad del de Betanzos, y con las condiciones que de común acuerdo especifiquen ambos municipios [...]*

No Boletín Oficial da Provincia de 12 de Xuño de 1942, publicase un anuncio do concello de Betanzos, no que se abre o prazo de exposición pública por un período de quince días do acordo adoptado.

Nada se volve saber da pretensión dos dous concellos e das súas ansias de ser agrupados en torno ao de Betanzos.

A finais dos anos cincuenta, desde o Goberno Civil da Coruña, realizase un estudio sobre a posible reforma administrativa da provincia. Nese estudio, que se envía á Dirección Xeral da Administración Local, non so se considera oportuna a incorporación ao concello de Betanzos dos de Coirós e Paderne, senón tamén a de parte dos termos municipais de Bergondo, Abegondo e Oza dos Ríos.



En 1959, de novo volve aparecer o proxecto de incorporación de Coirós e Paderne a Betanzos. E este proxecto vai representar, posiblemente, a tentativa máis argumentada e máis longa no proceso que tivo por protagonistas aos tres concellos, e tamén a derradeira ata o día de hoxe.

O concello de Betanzos en sesión plenaria celebrada o 5 de outubro de 1959, acorda incoar expediente solicitando a incorporación total ao seu municipio dos limítrofes de Coirós e Paderne, baseándose naquel expediente iniciado no 1936, promovido por eses concellos.

A argumentación fundamental manexada pola corporación brigantina para xustificar a necesidade da incorporación, baséase en datos de poboación, económicos e sociais.

Argumentan os responsables do concello de Betanzos:

*[...] Coirós tiene una población de hecho (1960) de 2.019 habitantes que se reparte nada menos que en 18 entidades de población pertenecientes a cinco parroquias, con una media por lo tanto de 112 habitantes por cada lugar, por lo que la población está totalmente diseminada y carece de capitalidad en sentido sociográfico, ya que el lugar donde está asentada no cuenta más que con 138 habitantes.*

*Paderne: Su población de hecho es de 4.016 habitantes que se reparte nada menos que en 58 entidades de población distribuidas en nueve parroquias, con una media por lugar de 69 habitantes. La capitalidad de este Ayuntamiento no tiene más que 48 habitantes de hecho, con lo que no puede ejercer ni ejerce ninguna atracción social sobre el resto del Municipio. Por el contrario, las circunstancias geopolíticas que concurren en Betanzos lo constituyen en auténtica capitalidad de esta comarca, por los datos que se enumeran:*

*Económicas: El comercio y la venta de productos agrícolas se realiza en Betanzos, única que cuenta en toda esta zona con ferias autorizadas y mercados de productos agrícolas los martes, jueves y domingos. El excedente laboral que de dichos Ayuntamientos no trabaja en las tareas del campo, tiene ocupación en las industrias de Betanzos, volviendo a pernoctar en sus domicilios, lo que pueden hacer gracias a la proximidad (el punto más distante de los municipios aludidos es la parroquia de Ois, en Coirós, a unos 9 kilómetros de la carretera general) y la red de comunicaciones que se dirige toda hacia Betanzos en forma radial (Carretera N-VI Madrid-La Coruña, que atraviesa todo el término municipal de Coirós hacia Betanzos; carretera Nacional de Betanzos-El Ferrol, por donde discurre buena parte del de Paderne; y carreteras provinciales de Betanzos a la Viaje y de Betanzos al límite de la provincia por donde el resto de los vecindarios del Municipio de Paderne comunican con Betanzos directamente y no así con su capitalidad). Es de advertir también que para cualquier traslado a la capital de la Provincia tienen que pasar forzosamente por Betanzos todos los vecindarios de los Municipios de cuya incorporación se trata.*

*Sociales: Contrariamente al panorama de población diseminada que cual nebulosa se observa en los Municipios referidos, por el contrario, Betanzos desde tempos históricos, nos ofrece un ejemplo de población netamente urbanística y con claro acento de capitalidad, siendo la cuarta en volumen de población agrupada (8.000 habitantes) de toda la provincia de La Coruña, cediendo sólo ante la propia capital, el Ferrol y Santiago de Compostela. En Betanzos se encuentran los siguientes servicios e instituciones públicas o de interés público, aparte los que la economía privada (Bancos, Agencias, Factorías, mayoristas, etc) ha hecho nacer, y de cuyos servicios se benefician, recogen su influencia y mantienen permanentes relaciones, los vecindarios de los Ayuntamientos de Paderne y*



Sello oficial do concello de Coirós.  
AMB, caixa 33/93.

*Coirós: Administración de correos, Estación Telegráfica, Central Telefónica, Estación de Ferrocarril, Juzgado de 1ª Instancia, Juzgado Comarcal, Cabeza de Línea de la Guardia Civil... Centro de Inseminación artificial ganadera, única Factoría en Galicia de la Sociedad Anónima Española de Fomento del Lúpulo... Instituto Laboral Femenino y Masculino, Colegio autorizado de Enseñanza Media... , Centro de Higiene Rural, dos sanatorios médico-quirúrgicos, Hospital público, 3 Asilos de ancianos... , Delegación Comarcal de Sindicatos, [...] En fin todos estos factores hacen de Betanzos una cabeza clara de comarca indiscutida e indiscutible [...].*

Malia todos estes argumentos de peso, a pretensión de Betanzos atópase coa oposición radical dos concellos de Coirós e Paderne, que mudan de parecer respecto as iniciativas levadas a cabo no 1925 e no 1936.

Coirós argumenta agora, en contra do que sostivo tempos atrás, que o citado proxecto sería prexudicial para o concello, tanto desde o punto de vista económico como no aspecto administrativo.

Paderne expresa a súa oposición sen fundamentar, nun primeiro momento, a súa postura, deixando o asunto enriba da mesa para posterior decisión, na sesión celebrada o día 20 de decembro de 1959. Por fin a Corporación de Paderne vai tratar o asunto na sesión que celebra o día 20 de marzo de 1960, e a posición non vai ser unánime entre os concelleiros. De aí que, despois de ampla discusión, se realice unha votación nominal, que arroxa o seguinte resultado: Votan a favor da anexión o Tte. Alcalde D. José Gómez Faraldo, e o concelleiro D. Gumersindo Filgueiras Filgueiras. Votan en contra o Alcalde D. Francisco Bonome Dapena, e os concelleiros D. Vicente Cal Río, D. José Antonio Grandal Lorenzo, D. José Diz Pérez, D. José Crespo Saya, D. Antonio Lorenzo Vidal e D. Bernardo Purriños Díaz. Total sete votos en contra e dous a favor da anexión, polo tanto a Corporación municipal de Paderne decide a non anexión ao concello de Betanzos.

Pola súa parte, a Deputación Provincial emite informe favorable, razoando que a existencia independente dos concellos de Coirós e Paderne mantense unicamente en virtude duna ficción xurídico política, ao carecer os mesmos dun núcleo que poida exercer atracción sobre os seus habitantes, no aspecto social e económico, sendo pola contra Betanzos un centro urbano de importancia, no que existen servizos que o converten en clara capitalidade da comarca, na que están incluídos os citados concellos, cuxas vías de comunicación están trazadas cara a Betanzos. Desde o punto de vista económico, queda patente o beneficio que suporía, tanto a ampliación da base impositiva do concello de Betanzos, como o máis equitativo reparto das cargas públicas que este ven soportando, sostendo servizos que benefician a toda a comarca.

Os Servizos Provinciais que emiten informes ao expediente, amosan indiferenza a alteración que se proxecta, agás o Distrito Forestal da Coruña, que resalta a existencia de montes de utilidade pública no concello de Coirós, que segundo o Catálogo, pertencen ás parroquias de Coirós, Lesa, Espenuca e Santa María de Ois. Tamén a Delegación de Facenda da Coruña, que nun principio non observaba prexuízo ningún, advirte que ao variarse o número de habitantes de Betanzos, existiría a posibilidade dun aumento das bases estimadas a efectos da Contribución Industrial, con aumento da tributación por ese concepto.

O Servizo Provincial de Inspección e Asesoramento que, nun principio, emitiu informe favorable ao proxecto, manifestaba no ano 1967 que unha vez reformadas as Facendas Locais pola Lei 48/66, a dotación de recursos sigue un camiño diferente, dándose a

circunstancia de que a situación económica dos dous concellos que trata de incorporar Betanzos, é satisfactoria, pola contra da deste último, que é deficiente. Estas circunstancias fan que a xuízo do Servizo de Inspección, non sexa aconsellable a incorporación.

Súmanse, ademais, outros informes de diversos organismos opoñéndose ao proxecto, como o da Xefatura Provincial do FET da Coruña, quen desde o punto de vista político non considera oportuna a incorporación, e mesmo o Delegado Sindical de Labradores, Cabildo Sindical e Xuíz de Paz de Paderne. Para apuntalar aínda máis a oposición ao proxecto, os alcaldes de Coirós e Paderne mobilizan aos veciños, xuntando sinaturas da gran maioría dos mesmos.

En todas as ocasións que se lle brindan, o concello de Paderne achega as súas razóns para oporse á anexión. Así nun escrito dirixido ao Director Xeral da Administración Local en marzo de 1966, o máximo representante do municipio expresa:

*[...] Dada la insuficiencia económica del Ayuntamiento de Betanzos, lesionaría de forma altamente notoria, los intereses económicos de los vecinos de este nuestro término municipal, de llevarse a efecto tal anexión, ya que, entre otras consideraciones, la presión tributaria en el vecino Ayuntamiento de Betanzos, es notoriamente alta (cuando la tendencia hacendística local actual, es desgravar a los contribuyentes) y en cambio en nuestro término es dicha presión de poco más de seis pesetas por habitante, exactamente 6,90 ptas., en cuanto a los impuestos municipales se refiere, a ello hay que añadir que esta Corporación tiene el mínimo de personal para el cumplimiento de sus funciones, lo que se ha logrado extinguiendo plazas (otra más se extinguirá próximamente) [...].*


En marzo de 1967, D. Francisco Bonome Dapena, alcalde de Paderne, achega unha instancia ao Xefe do Estado, Francisco Franco, asinada por 1.227 veciños do concello, maiores de vinte e un anos, solicitando que non se leve a cabo a anexión do termo municipal ao de Betanzos. No citado escrito argumentan que:

*[...] por el Ayuntamiento de Betanzos se ha incoado expediente de incorporación de nuestro término municipal al mismo, lo que supondría la muerte y desaparición del mismo [...] de acceder el Poder Público a dicha anexión, se nos originarían gravísimos perjuicios en el orden económico y administrativo. Económico porque de adoptarse tal medida, sufrirían un notable incremento nuestras exacciones, no sólo estatales sino también municipales, toda vez que el Ayuntamiento de Betanzos es de los que más presión tributaria ejerce sobre sus administrados y es de toda la provincia de La Coruña el más gravado. Nuestra Contribución Industrial se doblaría casi, y los impuestos municipales serían exorbitantes. La situación económica del limítrofe Ayuntamiento de Betanzos es a todas luces angustiosa*

**DISPONGO :**

Artículo único.—Se deniega la incorporación al municipio de Betanzos de los de Paderne y Coirós, en la provincia de La Coruña.

Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en La Coruña a diecinueve de agosto de mil novecientos sesenta y siete.



*Sinatura de Franco no Decreto que denega a anexión solicitada. Arquivo Xeral da Administración, sinatura 53-03904-3.*

*y sus Presupuestos municipales desde el año 1959, han tenido que ser completados con el Recurso Nivelador, y sería muy triste para los casi cinco mil vecinos de que consta el Ayuntamiento de Paderne que se aliviasen a nuestra costa, nuestros intereses económicos se lesionarian de forma gravísima. Por el contrario nosotros económicamente nos defendemos bien, teniendo una hacienda saneada y con medios propios para el cumplimiento de nuestros servicios y obras municipales que nos están encomendados.*

*En el orden administrativo, los vecinos situados en las parroquias del interior, tendrían que desplazarse muchos kilómetros para realizar cualquier trámite en las oficinas municipales o del Juzgado.*

*Hacemos constar que no existe la menor queja por nuestra parte con respecto a la actuación municipal, en cuanto a Escuelas, caminos, beneficiencias y demás servicios que a la Corporación le están encomendados por Ley.*

*Igualmente hacemos constar que dado que nuestro Ayuntamiento es zona completamente rural y al anexionarse a un núcleo urbano, todos nuestros ingresos irían parar al mismo, allí desembocarían todas las mejoras con el consiguiente abandono de nuestra zona rural como ya es tradicional en casos análogos la experiencia así nos lo dicta.*

*Nuestras vías de comunicación están enlazadas con la capitalidad del Ayuntamiento y en breve lo estarán perfectamente sin necesidad de pasar por la vecina ciudad de Betanzos, puesto que está en construcción un camino vecinal que atraviesa casi en su totalidad el término de Oeste a Este y para mayor abundamiento y que en la actualidad se encuentran en Concentración Parcelaria cuatro parroquias de este municipio y en plazo no lejano lo estarán la totalidad, prueba de ello el grado de cultura de estos vecinos que suscriben [...].*

De igual xeito, os cabezas de familia do concello de Coirós, asinan escritos de oposición ao proxecto que pretende levar a cabo Betanzos.

O Ministerio da Gobernación tampouco aprecia vantaxes na incorporación solicitada por Betanzos, xa que a pretensión de reducir o número de oficinas pública e o persoal administrativo, argumentado polo concello brigantino, sería difícil de levar á práctica., dadas as distancias que separan aos tres concellos, e que obrigaría aos veciños dos pobos anexionados a realizar grandes desprazamentos para achegarse ao núcleo urbano de Betanzos en cumprimento de dilixencias municipais ou xudiciais, e ao ter que recorrer a alcaldías de barrio.

Por último, o preceptivo informe do Consello de Estado de data 22 de xuño de 1967, ditamina que procede denegar a incorporación, alegando que:

*[...] no hay razón específica alguna, antes bien abstractas y derivadas de una genérica tendencia a la supresión de términos municipales, que abone la incorporación deseada.*

A decisión final chegará o día 19 de agosto de 1967, en que o Xefe do Estado, Francisco Franco asina o Decreto 2330/1967, polo que se denega a incorporación ao concello de Betanzos dos de Paderne e Coirós. O Decreto publicouse no BOE nº 229 de data 25 de setembro de 1967, e no BOP nº 266 de data 21 de novembro de 1967.

## **2. Segregación de Santa Cruz de Mondoy de Oza dos Ríos e a súa agregación a Betanzos**

A comezos do ano 1933, os veciños de Santa Cruz de Mondoy, pertencente ao concello de Oza dos Ríos, dirixen un escrito ao concello de Betanzos, no que manifestan que:

[...]son todos ellos partidarios de la incorporación de dicha parroquia al Municipio de Betanzos [...]

Fundamentan a súa petición, entre outros argumentos, en que a unión traería forza e prosperidade en tódolos ordes, que unidos a Betanzos habería de baixar o imposto de consumos e demais cargas públicas que soportan, e que a maior parte dos veciños da citada parroquia de Santa Cruz de Mondoy, está máis preto de Betanzos que da capitalidade de Oza dos Ríos. Solicitan, por tanto, a segregación da parroquia do concello de Oza dos Ríos, e a súa posterior agregación ao concello de Betanzos.

A Corporación Municipal de Betanzos, acorda en sesión de 8 de Febreiro de 1933, deixar o asunto sobre a mesa para o seu estudio.

Desde febreiro de 1933, nada se volve a saber en relación á mencionada solicitude, ata decembro de 1960, en que, de novo, cincuenta e nove veciños de Santa Cruz de Mondoy, solicitan a segregación de Oza dos Ríos e a agregación a Betanzos. Argumentan agora os solicitantes:

[...] en su posición geográfica por la cual su proximidad al núcleo urbano de Betanzos es notoriamente superior de la actualmente existente al que corresponden, con los consiguientes perjuicios en orden a las atenciones de los servicios y a las necesarias gestiones que los vecinos de esta parroquia tienen que realizar para el cumplimiento de los trámites administrativos.

A lo anteriormente expuesto se une la realidad en lo que respecta al ejercicio de las actividades profesionales, comerciales, y de cualquier género que se verifican normalmente en la ciudad de Betanzos [...].

Pola súa parte, a Corporación Municipal de Oza dos Ríos, en sesión celebrada o 25 de marzo de 1961, acorda opoñerse á solicitude de segregación solicitada polos veciños de Santa Cruz de Mondoy, en base ás seguintes consideracións:

- 1ª. La segregación que se pretende llevar a cabo, merma de manera considerable la solvencia de este Ayuntamiento, con grave perjuicio a los intereses generales del Municipio.
- 2ª. De ser una realidad la segregación, este Municipio carecería de los medios necesarios para el cumplimiento de sus obligaciones mínimas, y se vería obligado a acudir al Recurso Nivelador para el equilibrio de sus presupuestos.

HOJA NUM. 1

NOMBRE Y APELLIDOS	EDAD	FIRMAS
Francisco Lourenco Sopena	49	[Firma]
José Luis Pérez e Sopena	15	[Firma]
Francisco Luis Sopena	68	[Firma]
Alfonso Sopena Sopena	45	[Firma]
Antonio Sopena Sopena	70	[Firma]
José Sopena Sopena	48	[Firma]
José Luis Sopena	50	[Firma]
José Luis Sopena Sopena	68	[Firma]
Francisco Sopena Sopena	67	[Firma]
Francisco Sopena Sopena	60	[Firma]
José Sopena Sopena	41	[Firma]
Antonio Sopena Sopena	40	[Firma]
Antonio Sopena Sopena	50	[Firma]

Folla con sinaturas de veciños de Paderne opoñéndose á anexión a Betanzos. Arquivo Xeral da Administración, sinatura 53-03904-3.

3ª. *La misma posición geográfica que se alude en el escrito es contraria a la segregación, como lo demuestra la angostura y despoblado del terreno existente entre la parroquia de Santa Cruz de Mondoy y la Ciudad de Betanzos.*

4ª. *Carece de fundamento la alegación de que, las actividades profesionales y comerciales se realizan en la repetida Ciudad de Betanzos. La forma de vida de nuestros labradores; la costumbre inveterada y la necesidad de vender los productos del campo, obligan, no sólo a los vecinos de Santa Cruz, sino que también a los restantes del término y en general de la provincia, a acudir a todas aquellas localidades donde existen ferias y mercados, tan tradicionales en nuestra región.*

5ª. *La vida común de las familias; la colindancia de las casas y el servicio compartido de los servicios municipales de la repetida parroquia, se realiza con las distintas entidades de este Municipio y, especialmente, con la parroquia de Porzomillos, donde las edificaciones, a ambos lados de la carretera de Golada a Betanzos, se suceden y se confunden con ligeras y pequeñas distancias entre sí, cosa que no ocurre con la Ciudad Brigantina, por oponerse a ello lo accidentado del terreno, lo despoblado y el límite natural del arroyo denominado «Lodeiro», que divide a los dos términos, por cuya sólo circunstancia debe quedar sin efecto la segregación, según lo dispuesto por el artículo 18 de la Ley de Régimen Local.*

De informes emitidos polo Servizo de Inspección y Asesoramento, ao respecto da pretendida segregación, sabemos que a porción a segregar é de 216 hectáreas, dun total de 7.192 que constitúen o termo municipal de Oza dos Ríos. Segundo o censo de 1950, o número de habitantes da parroquia de Santa Cruz de Mondoy é de 361 de dereito e de 353 de feito, tendo a consideración de veciños un total de 167, sendo a de todo o municipio de 6.475 de dereito e 6.359 de feito. En cando aos lindes da parroquia, son moito máis extensos con Betanzos (rumbos Oeste e Norte), que co resto do concello (rumbo Sur). En canto aos ingresos que nutren as arcas municipais de Oza dos Ríos, estes ascenden a 402.940 pesetas, imputándoselle á parroquia de Mondoy un total de 25.070 pesetas, o que supón o 6,22%.

Os informes amósanse favorables á incorporación da parroquia ao concello de Betanzos, atendendo aos movementos naturais da poboación cara a capital brigantina, para as necesidades de mercado, ensino, ou como paso cara a capital da provincia. De igual xeito considerase que a incorporación tampouco lesionaría gravemente os intereses económicos de Oza dos Ríos, xa que podería seguir atendendo ás necesidades como tal concello aínda que prescindira dos ingresos que lle achega Santa Cruz de Mondoy.

A pesar de todo, os servizos informantes consideran que, de momento, non sería oportuna a incorporación, debido á diferente situación económica pola que atravesan os dous concellos aos que afectaría.

Así, mentres que o concello de Oza dos Ríos liquidou con superávit os orzamentos dos últimos anos (205.712,66 pts o de 1958; 286.244,50 pts o de 1959; e 163.672,65 pts o de 1960), Betanzos precisa do «recurso nivelador», e aínda así sigue liquidando con déficit (706.937,60 pts en 1958; 876.764,37 pts en 1959; e 524.479 pts en 1960). A débeda financeira de Oza dos Ríos é de 2,94% do orzamento, mentres que a de Betanzos é do 6,40%; e a proporción que se dedica dos orzamentos a «obras de primer establecimiento», en Oza dos Ríos é de 111.439,04 pts., mentres que en Betanzos é de 255.000., ou sexa, moi superior en Oza dos Ríos, xa que os orzamentos refundidos de gastos dos dous concellos son os seguintes: Oza dos Ríos, 746.296 pts., e Betanzos 5.734.915 pts.

Pola súa parte, a Deputación Provincial na sesión celebrada o 28 de novembro de 1961, acorda non emitir informe sobre o expediente, considerando que non se cumpriron co establecido no artigo 20 da Lei de Réxime Local vixente, toda vez que a solicitude de

incorporación foi asinada tan só por cincuenta veciños da parroquia de Santa Cruz de Mondoy, dun total de cento sesenta e sete cos que conta, polo que non se acadaría o «quórum» esixido na citada Lei, e que establece que a petición deberá ser formulada pola maioría dos veciños residentes na porción que pretenda ser segregada.

O Consello de Ministros na reunión de 22 de febreiro de 1963, acordaba denegar a segregación da parroquia de Santa Cruz de Mondoy do concello de Oza dos Ríos, para a súa posterior incorporación ao de Betanzos.

### CONCLUSIÓN

Dábase por rematada así, unha serie de tentativas de reunificación de termos municipais que tivo como eixo o concello de Betanzos, e como protagonistas principais aos concellos limítrofes de Coirós, Paderne e Oza dos Ríos.

Xa en pleno s. XXI, e empurradas pola crise económica, xorden de novo aquelas ideas das que nos falaban lexisladores como Maura ou Calvo Sotelo, en relación coa agrupación de municipios, aínda que eses vellos proxectos veñan revestidos de novas fórmulas adaptadas á realidade que vivimos. As necesidades de supervivencia na que se atopan moitas das facendas locais, e o aumento considerable de servizos que demandan os cidadáns, urxen solucións.

Voces de persoeiros con distintas responsabilidades públicas, cualifican de insostible a existencia no noso territorio de tanto organismo local, e debuxan un futuro no que o número de concellos se vexa reducido de maneira drástica.

Cando estamos a redactar este traballo, en países do noso entorno como Italia, o número de provincias e concellos ven de ser podado de xeito tallante, ata o punto de que o goberno da República suprimiría por decreto as provincias que non teñan tres mil quilómetros de superficie ou non acaden os trescentos mil habitantes, ademais de fusionar preto de dous mil concellos dos mais de oito mil que existen nese país. De seguir o mesmo exemplo, en España o 59,9% dos concellos, uns 4.681, estarían obrigados a fusionarse, entre eles os de Coirós, Paderne e Oza dos Ríos.

### DOCUMENTACIÓN

ARQUIVO XERAL DA ADMINISTRACIÓN. MINISTERIO DE CULTURA. *Fondo: Incorporación de términos municipales. Signatura: 53-03904-3*

ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS (A.M.B.). *Caixa 33/93*

ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS (A.M.B.). *Actas da Corporación Municipal. Varios anos.*

ARQUIVO PROVINCIAL. DEPUTACIÓN DA CORUÑA: *Hemeroteca La Voz de Galicia.*

FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP). <<http://www.femp.es>>

HEMEROTECA VIRTUAL DE BETANZOS. *Patria. Órgano de la Unión Patriótica de los Partidos de Corcubión, Ordenes y Betanzos.* Varios números. <<http://hemeroteca.betanzos.net/>>

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE). <<http://www.ine.es/>>

LA OPINIÓN CORUÑA. *Hemeroteca.* Varios números.

LA VOZ DE GALICIA. *Hemeroteca.* Varios números.

BIBLIOGRAFÍA

- GARCÍA RUBIO, FERNANDO, 2007, *Evolución histórica del espacio comarcal*. Madrid, Editorial Dykinson S.L.
- MARTINEZ MARÍN, ANTONIO, 1989, *La representatividad municipal española: historia legislativa y régimen vigente*. Universidad de Murcia. Secretariado de Publicaciones.
- MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. INSTITUTO NACIONAL DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, 2001, *Posada Herrera y los orígenes del Derecho Administrativo en España*.
- MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA. *Gazeta. Colección histórica*.
- MORAL RUIZ, Joaquín del, PRO RUIZ, Juan, SUÁREZ BILBAO, Fernando, 2007, *Estado y territorio en España 1920-1930*. Ed. Los libros de la catarata.
- POSADA, ADOLFO, 1983, *Fragments de mis memorias*. Universidad de Oviedo. Cátedra Aledo.
- ROBLES, CRISTOBAL, 1995, *Antonio Maura, un político liberal*. Biblioteca de Historia. Consejo Superior de Investigaciones Científicas.